



RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593), do corpo de profesores de música e artes escénicas (594) e do corpo de profesores de artes plásticas e deseño (595) (código de procedemento ED003A).

O punto décimo primeiro do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias, publicado no Diario Oficial de Galicia do 10 de maio de 2023 por unha Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 2 de maio de 2023, establece a posibilidade de que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades convoque procedementos para a elaboración das listas de interinidades e substitucións no caso de que, unha vez realizado chamamento a todas as persoas que constan nas relacións mencionadas no punto cuarto do mesmo texto refundido, continuase resultando necesario cubrir necesidades de profesorado.

A piques de esgotarse as listas correspondentes a distintas especialidades dos corpos de catedráticos de música e artes escénicas, de profesores de música e artes escénicas e de profesores de artes plásticas e deseño, procede realizar a presente convocatoria para establecer o procedemento para a incorporación de novas persoas candidatas ás correspondentes listas de interinidades e substitucións de acordo coas seguintes bases:

Primeira. Obxecto

Convocar un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia nos corpos de catedráticos de música e artes escénicas (593), de profesores de música e artes escénicas (594) e de profesores de artes plásticas e deseño (595), nas seguintes especialidades:

a) Corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593)

CÓDIGO ESPECIALIDADE	DENOMINACIÓN ESPECIALIDADE
593001	Acordeón
593003	Arpa
593009	Clave
593057	Pedagogía
593072	Trombón
593074	Trompa
593075	Trompeta
593090	Gaita
593092	Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco
593095	Instrumentos históricos de corda fretada
593100	Tecnoloxía Musical
593102	Viola da gamba
593115	Produción e Xestión de Música e Artes Escénicas



b) Corpo de profesores de música e artes escénicas (594)

CÓDIGO ESPECIALIDADE	DENOMINACIÓN ESPECIALIDADE
594401	Acordeón
594405	Clave
594417	Instrumentos de corda pulsada do renacemento e do barroco
594130	Teoría das artes do espectáculo
594420	Órgano
594460	Linguaxe musical

c) Corpo de profesores de artes plásticas e deseño (595)

CÓDIGO ESPECIALIDADE	DENOMINACIÓN ESPECIALIDADE
595502	Conservación e restauración de materiais arqueolóxicos
595504	Conservación e restauración de obras pictóricas

Segunda. Requisitos

Para seren admitidas nas listas, as persoas aspirantes deberán posuír ou estar en condición de obter (xustificando coa certificación vixente do aboamento dos dereitos de expedición do título oficial correspondente), na data de finalización do prazo de presentación da/s solicitude/s indicado na base terceira, os seguintes requisitos:

1. Titulación oficial:

a) En todas as especialidades convocadas do corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593), do corpo de profesores de música e artes escénicas (594) e do corpo de profesores de artes plásticas e deseño (595), posuír algunha das titulacións oficiais específicas de acceso para cadansúa especialidade que se indican a continuación:

Especialidade	Titulación/s exixidas
Acordeón (593001)	<ul style="list-style-type: none"> Título de Grao nas Ensinanzas Artísticas Superiores de Música ou Título Superior de Música, especialidade Interpretación (itinerario Acordeón) ou Título de Graduado/a en Música, especialidade Interpretación (itinerario Acordeón). Real decreto 631/2010, do 14 de maio. Título Superior de Música, especialidade Acordeón. Real decreto 617/1995, do 21 de abril. Título de Profesor Superior, especialidade Acordeón. Decreto 2618/1966, do 10 de setembro. Título de Graduado/a en Interpretación Musical (Acordeón).
Arpa (593003)	<ul style="list-style-type: none"> Título de Grao nas Ensinanzas Artísticas Superiores de Música ou Título Superior de Música, especialidade Interpretación (itinerario Arpa) ou Título de Graduado/a en Música, especialidade Interpretación (itinerario Arpa). Real decreto 631/2010, do 14 de maio. Título Superior de Música, especialidade Arpa. Real decreto 617/1995, do 21 de abril. Título de Profesor Superior, especialidade Arpa. Decreto 2618/1966, do 10 de setembro.



Especialidade	Titulación/s exixidas
	<ul style="list-style-type: none"> • Título de Graduado o Graduada en Interpretación Musical (Arpa).
Clave (593009)	<ul style="list-style-type: none"> • Título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Música ou Título Superior de Música, especialidade Interpretación (itinerario Clave), ou Título de Graduado/a en Música, especialidade Interpretación (itinerario Clave); Real decreto 631/2010, do 14 de maio. • Título Superior de Música, especialidade Clave. Real decreto 617/1995, do 21 de abril. • Título de Profesor Superior, especialidade Clavicémbalo; Decreto 2618/1966, do 10 de setembro. • Título de Graduado/a en Interpretación Musical (Clave).
Pedagogía (593057)	<ul style="list-style-type: none"> • Título de Grao nas Ensinanzas Artísticas Superiores de Música ou Título Superior de Música, especialidade Pedagogía, ou Título de Graduado/a en Música, especialidade Pedagogía. Real decreto 631/2010, do 14 de maio. • Título Superior de Música, especialidade Pedagogía. Real decreto 617/1995, do 21 de abril. • Título de Profesor Superior, especialidade Pedagogía Musical. Decreto 2618/1966, do 10 de setembro.
Trombón (593072)	<ul style="list-style-type: none"> • Título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Música ou Título Superior de Música, especialidade Interpretación (itinerario Trombón), ou Título de Graduado/a en Música, especialidade Interpretación (itinerario Trombón). Real decreto 631/2010, do 14 de maio. • Título Superior de Música, especialidade Trombón; Real decreto 617/1995, do 21 de abril. • Título de Profesor Superior, especialidade Trombón; Decreto 2618/1966, do 10 de setembro. • Título de Graduado/a en Interpretación Musical (Trombón).
Trompa (593074)	<ul style="list-style-type: none"> • Título de Grao nas Ensinanzas Artísticas Superiores de Música ou Título Superior de Música, especialidade Interpretación (itinerario Trompa), ou Título de Graduado/a en Música, especialidade Interpretación (itinerario Trompa). Real decreto 631/2010, do 14 de maio. • Título Superior de Música, especialidade Trompa. Real decreto 617/1995, do 21 de abril. • Título de Profesor Superior, especialidade Trompa. Decreto 2618/1966, do 10 de setembro. • Título de Graduado/a en Interpretación Musical (Trompa).
Trompeta (593075)	<ul style="list-style-type: none"> • Título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Música ou Título Superior de Música, especialidade Interpretación (itinerario Trompeta), ou Título de Graduado/a en Música, especialidade Interpretación (itinerario Trompeta). Real decreto 631/2010, do 14 de maio. • Título Superior de Música, especialidade Trompeta; Real decreto 617/1995, do 21 de abril. • Título de Profesor Superior, especialidade Trompeta; Decreto 2618/1966, do 10 de setembro. • Título de Graduado/a en Interpretación Musical (Trompeta).
Gaita (593090)	<ul style="list-style-type: none"> • Título de Grao nas Ensinanzas Artísticas Superiores de Música ou Título Superior de Música, especialidade Interpretación (itinerario Instrumentos da música tradicional e popular-Gaita), ou Título de Graduado/a en Música, especialidade Interpretación (itinerario Instrumentos da música tradicional e popular- Gaita). Real decreto 631/2010, do 14 de maio. • Título Superior de Música, especialidade Instrumentos da música tradicional e popular- Gaita. Real decreto 617/1995, do 21 de abril
Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco	<ul style="list-style-type: none"> • Título de Grao nas Ensinanzas Artísticas Superiores de Música ou Título Superior de Música, especialidade Interpretación (itinerario Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco) ou Título de Graduado/a en Música, especialidade Interpretación (itinerario Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco). Real decreto 631/2010, do 14 de maio.



Especialidade	Titulación/s exixidas
(593092)	<ul style="list-style-type: none"> • Título Superior de Música, especialidade Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco. Real decreto 617/1995, do 21 de abril. • Título de Graduado/a en Interpretación Musical (Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco).
Instrumentos históricos de corda fretada (593095)	<ul style="list-style-type: none"> • Título de Grao nas Ensinanzas Artísticas Superiores de Música ou Título Superior de Música, especialidade Interpretación/Música antiga (itinerario Instrumentos históricos de corda fretada) ou Título de Graduado/a en Música, especialidade Interpretación (itinerario Instrumentos históricos de corda fretada). Real decreto 631/2010, do 14 de maio. • Título Superior de Música, especialidade Instrumentos da música antiga. Real decreto 617/1995, do 21 de abril. • Título de Graduado/a en Interpretación Musical (Instrumentos históricos de corda fretada).
Tecnoloxía Musical (593100)	<ul style="list-style-type: none"> • Título de Grao nas Ensinanzas Artísticas Superiores de Música ou Título Superior de Música, especialidade Sonoloxía ou Título de Graduado/a en Música, especialidade Sonoloxía. Real decreto 631/2010, do 14 de maio. • Título de Grao nas Ensinanzas Artísticas Superior de Música ou Título Superior de Música ou Título de Graduado/a en Música, en calquera especialidade (Real decreto 631/2010, do 14 de maio), xunto cun dos seguintes títulos: Máster en ensinanza artística de Novas Tecnoloxías da Música Actual: Creación e interpretación, Máster Universitario en Tecnoloxías do Son e da Música, Máster Universitario en Innovación en Tecnoloxía Musical, ou Máster Universitario en Composición Musical con Novas Tecnoloxías. • Título Superior de Música, en calquera especialidade (Real decreto 617/1995, do 21 de abril) xunto cun dos seguintes títulos: Máster en ensinanza artística de Novas Tecnoloxías da Música Actual: Creación e interpretación, Máster Universitario en Tecnoloxías do Son e da Música, Máster Universitario en Innovación en Tecnoloxía Musical, ou Máster Universitario en Composición Musical con Novas Tecnoloxías. • Título de Profesor Superior, en calquera especialidade (Decreto 2618/1966, do 10 de setembro) xunto cun dos seguintes títulos: Máster en ensinanza artística de Novas Tecnoloxías da Música Actual: Creación e interpretación, Máster Universitario en Tecnoloxías do Son e da Música, Máster Universitario en Innovación en Tecnoloxía Musical, ou Máster Universitario en Composición Musical con Novas Tecnoloxías.
Viola da gamba (593102)	<ul style="list-style-type: none"> • Título de Grao nas Ensinanzas Artísticas Superiores de Música ou Título Superior de Música, especialidade Interpretación (itinerario Música antiga, viola da gamba) ou Título de Graduado/a En Música, especialidade Interpretación (itinerario Viola da gamba). Real decreto 631/2010, do 14 de maio. • Título Superior de Música, especialidade Viola da gamba. Real decreto 617/1995, do 21 de abril. • Título de Graduado/a en Interpretación Musical (Viola da gamba).
Produción e Xestión de Música e Artes Escénicas (593115)	<ul style="list-style-type: none"> • Título de Grao nas Ensinanzas Artísticas Superiores de Música ou Título Superior de Música, especialidade Produción e Xestión ou Título de Graduado/a en Música, especialidade Produción e Xestión. Real decreto 631/2010, do 14 de maio.
Acordeón (594401)	<ul style="list-style-type: none"> • Título de Grao nas Ensinanzas Artísticas Superiores de Música ou Título Superior de Música, especialidade Interpretación (itinerario Acordeón) ou especialidade Pedagogía (itinerario Pedagogía do Acordeón); ou Título de Graduado/a en Música, especialidade Interpretación (itinerario Acordeón) ou especialidade Pedagogía (itinerario Pedagogía do Acordeón). Real decreto 631/2010, do 14 de maio. • Título Superior de Música, especialidade Acordeón ou especialidade Pedagogía (opción Pedagogía do Acordeón). Real decreto 617/1995, do 21 de abril. • Título de Profesor Superior ou Título de Profesor, especialidade Acordeón.



Especialidade	Titulación/s exixidas
	Decreto 2618/1966, do 10 de setembro. <ul style="list-style-type: none"> • Título de Graduado/a en Interpretación Musical (Acordeón).
Clave (594405)	<ul style="list-style-type: none"> • Título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Música ou Título Superior de Música, especialidade Interpretación (itinerario Clave), ou especialidade Pedagogía (itinerario Pedagogía do Clave). Real decreto 631/2010, do 14 de maio. • Título Superior de Música, especialidade de Clave ou especialidade Pedagogía (opción Pedagogía do Clave). Real decreto 617/1995, do 21 de abril. • Título de Profesor Superior, especialidade Clavicémbalo. Decreto 2618/1966, do 10 de setembro • Título de Graduado/a en Interpretación Musical (Clave)
Instrumentos de corda pulsada do renacemento e do barroco (594417)	<ul style="list-style-type: none"> • Título de Grao nas Ensinanzas Artísticas Superiores de Música ou Título Superior de Música, especialidade Interpretación (itinerario Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco) ou especialidade Pedagogía (itinerario Pedagogía dos Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco); ou Título de Graduado/a en Música, especialidade Interpretación (itinerario Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco) ou especialidade Pedagogía (itinerario Pedagogía dos Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco). Real decreto 631/2010, do 14 de maio. • Título Superior de Música, especialidade Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco ou especialidade Pedagogía (opción Pedagogía dos Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco). Real decreto 617/1995, do 21 de abril. • Título de Graduado/a en Interpretación Musical (Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco). Título de Graduado/a en Interpretación Musical (Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e Barroco).
Teoría das artes do espectáculo (594130)	<ul style="list-style-type: none"> • Título de Grao nas Ensinanzas Artísticas Superiores de Arte Dramática ou Título Superior de Arte dramática, especialidade Dirección escénica e dramaturxia (itinerario dramaturxia), ou Título de Graduado/a en Arte dramática, especialidade Dirección escénica e dramaturxia (itinerario dramaturxia). Real decreto 630/2010, do 14 de maio, e Real decreto 588/2022, de 19 de xullo. • Título Superior de Arte dramática, especialidade Dirección de escena e dramaturxia (opción orientada á formación de especialistas en dramaturxia). Real decreto 754/1992, do 26 de xuño.
Órgano (594420)	<ul style="list-style-type: none"> • Título de Grao nas Ensinanzas Artísticas Superiores de Música ou Título Superior de Música, especialidade Interpretación (itinerario Órgano) ou especialidade Pedagogía (itinerario Pedagogía do Órgano); ou Título de Graduado/a en Música, especialidade Interpretación (itinerario Órgano) ou especialidade Pedagogía (itinerario Pedagogía do Órgano). Real decreto 631/2010, do 14 de maio. • Título Superior de Música, especialidade Órgano ou especialidade Pedagogía (opción Pedagogía do Órgano). Real decreto 617/1995, do 21 de abril. • Título de Profesor Superior ou Título de Profesor, especialidade Órgano. Decreto 2618/1966, do 10 de setembro. • Título de Graduado/a en Interpretación Musical (Órgano).
Linguaxe musical (594460)	<ul style="list-style-type: none"> • Título de Grao nas Ensinanzas Artísticas Superiores de Música ou Título Superior de Música, especialidade Pedagogía (itinerario Pedagogía xeral e da linguaxe musical), ou Título de Graduado/a en Música, especialidade Pedagogía (itinerario Pedagogía xeral e da linguaxe musical). Real decreto 631/2010, do 14 de maio • Título Superior de Música, especialidade Pedagogía, opción de Pedagogía da linguaxe e a educación musical. Real decreto 617/1995, do 21 de abril. • Título de Profesor Superior, especialidade Pedagogía Musical. Decreto 2618/1966, do 10 de setembro. • Título de Profesor de Solfexo, Teoría da Música, Transposición e Acompañamento. Decreto 2618/1966, do 10 de setembro.
Conservación e restauración de	<ul style="list-style-type: none"> • Título Superior ou Título de Grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais na especialidade de Bens Arqueolóxicos. Real decreto 635/2010, do 14 de



Especialidade	Titulación/s exixidas
materiais arqueolóxicos (595502)	maio. <ul style="list-style-type: none"> • Título Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais, especialidade Conservación e Restauración de Arqueoloxía. Real decreto 1387/1991, do 18 de setembro. • As titulacións expedidas ao abeiro de plans de estudos anteriores ao establecido no Real decreto 1387/1991, do 18 de setembro, deberán acompañarse da correspondente certificación académica que acredite a vinculación coa especialidade Conservación e restauración de materiais arqueolóxicos.
Conservación e restauración de obras pictóricas (595504)	<ul style="list-style-type: none"> • Título Superior ou Título de Grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais na especialidade de Bens Pictóricos. Real decreto 635/2010, do 14 de maio. • Título Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais, especialidade Conservación e Restauración de Pintura. Real decreto 1387/1991, do 18 de setembro. • As titulacións expedidas ao abeiro de plans de estudos anteriores ao establecido no Real decreto 1387/1991, do 18 de setembro, deberán acompañarse da correspondente certificación académica que acredite a vinculación coa especialidade Conservación e restauración de obras pictóricas.

2.- Para todas as especialidades convocadas do corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593) e do corpo de profesores de artes plásticas e deseño (595) as persoas aspirantes deberán posuír a formación e capacidade de tutela nas investigacións propias das Ensinanzas Artísticas.

Para estes efectos, deberá acreditarse indistintamente este requisito, cando menos, por algún dos seguintes medios:

- Posuír un título de doutoramento.
- Posuír un título oficial de mestrado, para cuxa obtención se esixan, cando menos, 60 créditos, e que capacite para a práctica da investigación educativa ou da investigación propia dos ensinos artísticos
- Posuír o recoñecemento de suficiencia investigadora ou o certificado/diploma acreditativo de estudos avanzados.

Así mesmo, reunirán o requisito de titulación (exixido no punto 1) e de formación e capacidade de tutela nas investigacións propias das Ensinanzas Artísticas (exixido no punto 2) para o acceso ás listas de persoas aspirantes a desenvolver postos docentes en réxime de interinidades e/ou substitucións:

- as persoas que posúan unha das titulacións declaradas equivalentes, para os efectos de docencia, ás publicadas no Real decreto 1954/1994, do 30 de setembro (BOE do 17 de novembro), sobre homologación de títulos aos do Catálogo de títulos universitarios oficiais, ou a calquera outra disposición que sexa de aplicación.
- No caso de que as ditas titulacións se obtivesen no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación ou equivalencia, segundo o Real Decreto 889/2022, de 18 de outubro (BOE do 19 de outubro), Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro (Boletín Oficial del Estado do 4 de marzo), e o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro, e a Directiva 2006/100/CE do Consello, do 20 de novembro, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos da profesión de avogado (Boletín Oficial do Estado do 20 de novembro).

c) No caso de títulos e estudos estranxeiros de educación non universitaria deberá a terse ao Real Decreto 104/1988, de 29 de xaneiro, sobre homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación non universitaria e demais normativa concordante e de desenvolvemento.

3. Ter a nacionalidade española ou a de calquera outro estado membro da Unión Europea, ou atoparse as persoas aspirantes incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión



Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores e traballadoras.

Tamén poderán participar as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito; as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes; e as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.

4. Ter feitos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

5. Acreditar o coñecemento da lingua galega. A acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase coa presentación do certificado de coñecemento da lingua galega (Celga 4), ou da súa validación polo órgano competente; do curso de perfeccionamento en lingua galega ou a súa validación polo órgano competente; o título de licenciatura en filoloxía galego-portuguesa, o certificado do nivel avanzado da escola oficial de idiomas ou o certificado de ter superado o curso de especialización en lingua galega.

Non obstante o anterior, poderán formular solicitudes aquelas persoas que, posuíndo os restantes requisitos exixidos neste convocatoria, non posúan o certificado de coñecemento da lingua galega (Celga 4) ou equivalente. Estas persoas candidatas poderán ser seleccionadas na falta de candidatos que si o acrediten. Neste caso, de seren seleccionadas, as persoas candidatas deberán obter, no prazo máximo de dous anos desde que sexan nomeadas, o citado certificado de coñecemento da lingua galega (Celga 4) ou equivalente. A obtención do dito certificado ou equivalente deberá ser comunicada á Subdirección Xeral de Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Terceira. Solicitudes e prazo

1. As persoas interesadas deberán formular unha solicitude, obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. (código de procedemento ED003A), e efectuar o aboamento de taxas segundo se establece na base quinta.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As titulacións esixidas como requisito específico para o acceso ás listas de cobertura de interinidades e substitucións así como as funcións que desenvolve este persoal, presupoñen que as persoas aspirantes posúen capacidade técnica suficiente para o acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios, no sentido do que establece o artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, como xustificación da obrigatoriedade de presentar as solicitudes exclusivamente por medios electrónicos.



2. O prazo para formular solicitudes será de sete (7) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución de convocatoria no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>).

3. Documentación necesaria que se presenta electronicamente para a tramitación do procedemento.

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa dos requisitos mínimos previstos na base segunda.

No tocante ao requisito de titulación alegada, deberá acompañarse da correspondente certificación académica onde conste, de ser o caso, o itinerario ou opción e/ou instrumento cursado pola persoa interesada exixida na base segunda para as especialidades convocadas no correspondente procedemento.

b) Documentación acreditativa do méritos que aleguen susceptibles de valoración de conformidade co previsto na base décima.

Para estes efectos, deben xuntar como documentación xustificativa a certificación académica persoal do título alegado exixido no punto 1 da base segunda, na que consten tanto as puntuacións obtidas en todas as disciplinas e cursos exixidos como a superación dos créditos necesarios para a obtención do dito título, coa especificación de que se pagaron os dereitos de expedición, cando menos no prazo de remate de finalización de solicitudes, para a expedición do título, e coa indicación expresa da especialidade ou itinerario ou opción e/ou instrumento.

b.1) No caso de titulacións universitarias, na dita certificación académica persoal deberá constar a nota media, e reflectirase expresamente que a mesma está calculada conforme ao Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro (Boletín Oficial de Estado núm. 224, do 18 de setembro).

Para estes efectos deberá achegar a certificación académica persoal en que consten as puntuacións obtidas en todas as disciplinas e cursos exixidos para a obtención do título alegado, con indicación expresa da nota media e, no seu defecto, se presente copia do título ou da certificación do pagamento dos dereitos de expedición, conforme o Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (Boletín Oficial do Estado núm. 190, do 6 de agosto).

Para os efectos de valoración do expediente académico do título alegado, o persoal aspirante que obteña o título no estranxeiro presentará certificación expedida pola Administración educativa do país en que obtivo o título que indique a nota media deducida das cualificacións obtidas en toda a carreira e exprese, ademais, a cualificación máxima e mínima que se poden obter, de acordo co sistema académico correspondente, para os efectos de determinar a súa equivalencia coas cualificacións españolas e ademais deberá achegar a correspondente Declaración de equivalencia da nota media de expedientes académicos universitarios realizados en centros estranxeiros, que poderá obterse de conformidade co disposto pola Resolución da Dirección Xeral de Política Universitaria do 21 de marzo de 2016, de forma gratuíta na sede electrónica do Ministerio de Educación e Formación Profesional mediante a seguinte ligazón:

<https://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/gestion-titulos/estudios-universitarios/titulos-extranjeros/equivalencia-notas-medias.html>

b.2) No caso de que a titulación alegada corresponda a ensinanzas artísticas superiores, na certificación académica persoal achegada deberá constar a nota media do expediente académico, e deberá estar calculada conforme ao disposto no artigo 5.3 do Real Decreto 1614/2009, de 26 de outubro, polo que se



establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

No caso de titulación alegadas no marco do Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, sobre regulamentación xeral dos conservatorios de música (BOE do 24 de outubro) nos conservatorios de música dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia rexerase a nota media mediante o establecido na Instrución 5/2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, para o cálculo da nota media de expedientes de ensinanzas finalizadas ao abeiro do dito decreto.

b.3) Se no título ou na certificación académica non consta a nota media por tratarse dun título expedido ao abeiro da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa, procederase do seguinte xeito:

A certificación expedida polo centro educativo deberá expresar a nota media aritmética das cualificacións numéricas expresada con dúas cifras decimais, que se arredondarán á alza (maior ou igual ao 0,5). Se as cualificacións das materias veñen expresadas de forma cualitativa, a conversión para expedir a certificación da nota media numérica realizarase segundo a seguinte táboa de equivalencias:

Suficiente: 5,5.

Ben: 6,5.

Notable: 7,5.

Sobresáinte ou sobresáinte (matrícula de honra): 9.

En calquera caso, no suposto de que non se remita a certificación académica persoal ou non figure a nota media de acordo co establecido nesta base considerarase que a persoa aspirante obtivo a nota media de cinco puntos (5,00).

c) As persoas aspirantes que teñan recoñecida unha discapacidade de, polo menos, o 33% na data da solicitude deberán achegar, só no caso de non estar recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia, unha copia da documentación acreditativa do dito recoñecemento para os efectos da aplicación, de ser o caso, da garantía de chamamentos a persoas con discapacidade prevista no punto segundo do apartado cuarto do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias, publicado no Diario Oficial de Galicia do 10 de maio de 2023 por unha Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 2 de maio de 2023.

d) Persoal aspirante que solicite exención ou bonificación das taxas:

- Xustificación de ser membro de familia numerosa de categoría xeral ou especial, só no caso de non estar recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia.

- Xustificación de ter un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, só no caso de non estar recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia.

-Xustificación de demandantes de emprego, achegando os dous documentos seguintes:

1º. Certificación expedida pola oficina de emprego en que conste que a persoa aspirante figura como demandante de emprego desde polo menos seis meses anteriores á data de publicación da resolución de



convocatoria no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>).

2º. Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal na que conste que na data de presentación da solicitude de participación nesta convocatoria non está a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego.

-Xustificación de ter a condición de vítimas de terrorismo, entendendo por tales, para os efectos da bonificación da taxa as persoas que sufrisen danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista e así o acrediten mediante sentenza xudicial firme ou en virtude de resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición, o seu cónxuxe ou persoa que convivise con análoga relación de afectividade, o cónxuxe do falecido e os fillos dos feridos e falecidos.

e) Taxas administrativas devindicadas pola tramitación da solicitude (código 300301), de conformidade co disposto na base quinta.

4. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria de xeito presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Cuarta. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI/NIE da persoa solicitante ou representante.

b) Títulos oficiais universitarios que dean acceso á función docente e que consten no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT) do Ministerio de Educación e Formación Profesional, agás os de mestre/a de ensino primario, diplomatura en profesorado de educación xeral básica, mestre/a ou grao de mestre/a en educación primaria e as titulacións de licenciatura ou enxeñería nos que se requira unha especialidade para formar parte das listas para cubrir interinidades ou substitucións.

c) Consulta da inexistencia de antecedentes penais por delitos sexuais.

Consultaranse ademais os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

a) Acreditación da condición de familia numerosa só no caso de estar recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Acreditación da condición de discapacidade só no caso de estar recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia.



c) Estar inscrito/a como demandante de emprego desde, polo menos, seis meses antes da data de publicación da convocatoria na cal solicite a súa participación e non estea percibindo prestación ou subsidio por desemprego na data de presentación da solicitude de participación.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Quinta. Importe e pagamento das taxas administrativas

(Códigos: Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, código 07; Delegación de Servizos Centrais, código 13; Servizo de Secretaría, código 01; taxa denominación, solicitude de inscrición nas listas para a cobertura con carácter temporal de postos de traballo na administración da Comunidade Autónoma: código 300301).

Os dereitos de inscrición nas listas serán de 18,40 euros.

Consonte o artigo 23.5 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, logo de xustificación documental de conformidade coa base terceira:

1.-Estarán exentos do pagamento dos dereitos de inscrición nas listas:

- a) As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- b) As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

2.-Aplicarase unha bonificación do 50 % á inscrición solicitada por:

- a) As persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral.
- b) As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, seis meses antes da data desta convocatoria e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego na data da presentación da solicitude normalizada.
- c) As vítimas de terrorismo.

O pagamento da taxa poderá efectuarse por dous medios:

–A través do impreso de autoliquidación en calquera das entidades financeiras colaboradoras na recadación das taxas e prezos da Comunidade Autónoma de Galicia.

–De forma telemática, no portal de Internet da Axencia Tributaria de Galicia (<https://ovt.atriga.gal>).

Se desexa tramitar a taxa por vía telemática, deberá introducir os datos da taxa e efectuar o pagamento desta. Para isto dispón das modalidades de pago telemático (cargos en conta ou tarxeta) e pago presencial (mediante un impreso para presentar na entidade bancaria). Unha vez realizado o ingreso obterá o xustificante correspondente.

Se desexa tramitar a taxa de xeito presencial poderá obter un modelo en branco para cubrir ou ben introducir os datos da taxa e a aplicación lle proporcionará o modelo xa cuberto.



A non presentación dentro do prazo de presentación de solicitudes da xustificación do pagamento das taxas, no que figure, de ser o caso, o selo da entidade bancaria, determinará a exclusión da persoa aspirante. En ningún caso a presentación do xustificante suporá a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

Sexta. Comisión de valoración

A asignación da puntuación que lles corresponde as persoas aspirantes será realizada por unha comisión constituída por persoal funcionario con destino na Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25), modificado polo Decreto 144/2008, de 26 de xuño (DOG do 18 de xullo) e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio (DOG do 30 de maio, c. de erros do 1 de xuño).

Poderá asistir ás reunións da comisión unha persoa representante de cada organización sindical con presenza na Mesa Sectorial Docente non universitaria, con voz e sen voto.

Sétima. Relación provisional de persoas admitidas e excluídas, baremo provisional e reclamacións

O Servizo de Profesorado de Educación Secundaria, de Formación Profesional e de Ensinanzas de Réxime Especial da Subdirección Xeral de Recursos Humanos realizará a comprobación dos requisitos.

A comisión prevista na base sexta realizará a valoración dos méritos no que atinxe á nota media alegada polas persoas aspirantes consonte á base décima.

Logo de realizada a comprobación dos requisitos e a valoración dos méritos, a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos ditará unha resolución pola que se aprobará a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, que se publicarán no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades www.edu.xunta.gal.

As persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, mediante un escrito dirixido á persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación; Formación Profesional e Universidades, que presentarán obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo normalizado do procedemento ED003A, opción "Alegacións", no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no citado portal de Internet da consellería.

A estimación ou desestimación das ditas alegacións entenderanse implícitas nunha nova resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos que será publicada no citado portal, pola que se aprobarán as listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas consonte co disposto na seguinte base.

Transcorrido este prazo sen que se emenden a causa de exclusión e/ou se achegue a documentación preceptiva, considerarase que a persoa interesada desiste da súa petición, nos termos e condicións establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para o caso de que xurda a necesidade de cubrir interinidades ou substitucións con anterioridade á aprobación e publicación das listas definitivas, seguirase a orde de chamamentos establecida na lista provisional, de conformidade co establecido no apartado décimo primeiro do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995.



Oitava. Relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, baremo definitivo e recursos

Finalizado o prazo concedido para a emenda da solicitude e logo de revisadas as reclamacións contra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos emitirá unha resolución pola que, por unha banda, se aprobará a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo e, por outra banda, se declarará por desistidos da súa/s solicitude/s a aquelas persoas que non a emendaran no prazo conferido para estes efectos de acordo coa base sétima. A dita resolución publicárase no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades www.edu.xunta.gal.

O feito de figurar na relación de persoal admitido non prexulga que se lle recoñeza ao persoal interesado a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca mediante esta resolución. Cando, da documentación que debe presentarse no caso de ser nomeado, se desprenda que non posúe algún dos requisitos, o persoal interesado decaerá de todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación neste procedemento.

Contra a resolución pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e o baremo definitivo, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular obrigatoriamente por medios electrónicos un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no citado portal de Internet, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Administración reintegrará o importe ingresado en concepto de taxas administrativas a aquelas persoas aspirantes excluídas de xeito definitivo, ou ben que non figuren en ningunha das listaxes definitivas, sempre que así o soliciten no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao da publicación no portal de Internet desta consellería da resolución definitiva de persoas admitidas e excluídas.

A presentación da dita solicitude de reintegro fóra do prazo establecido no parágrafo anterior suporá a perda do dereito á devolución do importe ingresado.

Non procederá a devolución do importe aboado no suposto de renuncia das persoas aspirantes admitidas provisional ou definitivamente.

Novena. Orde de chamamentos

As persoas candidatas seleccionadas ocuparán na lista da correspondente especialidade un número de orde de chamamentos, conforme ao baremo aplicado nesta convocatoria de acordo coa seguinte base e os criterios que se recollen na base segunda, posterior ao da última persoa que consta neste intre na devandita lista.

Décima. Baremo

As persoas seleccionadas serán ordenadas, de acordo coa orde de prioridade establecida na base novena, segundo a maior puntuación obtida no baremo de méritos establecido nesta base.

En aplicación do apartado décimo primeiro do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias, o baremo aplicable para a presente



convocatoria é a nota media do expediente académico da titulación alegada para a incorporación á lista da especialidade á que se opta, segundo o punto 1 da base segunda desta resolución.

Para dirimir os posibles empates na aplicación do baremo daráselle prioridade a quen teña como letra inicial do primeiro apelido a letra que resulte do sorteo efectuado, no ano da convocatoria, pola Consellería de Facenda e Administración Pública para os procedementos selectivos. De resultar necesario aplicarase a mesma letra á inicial do segundo apelido.

Décimo primeiro. Recursos

Contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular obrigatoriamente por medios electrónicos un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades www.edu.xunta.gal, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente un recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

